

FEMINISMO PARA O 99%

UN MANIFESTO

Cinzia Arruzza, Tithi Bhattacharya,
Nancy Fraser

Tradución de Patricia Buxán Outeiro

Limiar de María Reimóndez

FEMINISMO PARA O 99% UN MANIFESTO

Cinzia Arruzza
Tithi Bhattacharya
Nancy Fraser

Tradución
Patricia Buxán Outeiro

Limiar
María Reimóndez



catroventos
EDITORA

Título orixinal: *Feminism for the 99 Percent. A Manifesto*
Autoras: Cinzia Arruzza, Tithi Bhattacharya e Nancy Fraser
Copyright © 2019, Gius. Laterza & Figli, All rights reserved

© da edición galega: Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega
Tradución: Patricia Buxán Outeiro
Revisión de concepto e limiar: María Reimóndez Meilán
Corrección lingüística: Miguel Braña Montaña e María Mediero Mayán
Deseño e maquetación: Isidro D. Valladares e Alicia R. Malga

Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega
Rúa Ferrería, 25 – 36202 Vigo (Pontevedra)
www.catroventos.gal

ISBN: 978-84-949154-5-1
Depósito legal: VG 77-2019
Impreso en Jadfel artes gráficas

9 O carné de feminista, María Reimóndez

15 **Manifesto**

17 Unha encrucillada

20 Tese 1: Unha nova vaga feminista está reinventando a folga.

23 Tese 2: O feminismo liberal está en creba. É hora de superalo.

24 Tese 3: Precisamos un feminismo anticapitalista, un feminismo para o 99 %.

26 Tese 4: Estamos a vivir unha crise da sociedade no seu conxunto cuxa orixe está no capitalismo.

29 Tese 5: A opresión de xénero nas sociedades capitalistas está enraizada na subordinación da reprodución social á produción de beneficios. Queremos darlles a volta ás cousas e pólas do dereito.

32 Tese 6: A violencia de xénero adopta numerosas formas, todas elas enraizadas nas relacións sociais capitalistas. Comprometémonos a loitar contra todas elas.

38 Tese 7: O capitalismo tenta regular a sexualidade. Nosoutras queremos liberala.

42 Tese 8: O capitalismo naceu da violencia racista e colonial. O feminismo para o 99 % é antirracista e antiimperialista.

46 Tese 9: Na súa loita para reverter a destrución que o capital fai da Terra, o feminismo para o 99 % é ecosocialista.

48 Tese 10: O capitalismo é incompatible coa democracia real e coa paz. A nosa resposta é o internacionalismo feminista.

51 Tese 11: O feminismo para o 99 % fai un chamamento a todos os movementos radicais para que nos xuntemos nunha insurxencia anticapitalista común.

55 **Posfacio**

57 Comezamos polo medio

59 Reconceptualizar o capitalismo e a súa crise

62 Que é a reprodución social?

65 A crise da reprodución social

70 A política do feminismo para o 99 %

Unha encrucillada

Na primavera de 2018, Sheryl Sandberg, directora operativa de Facebook, díxolle ao mundo que «nos había ir moito mellor se a metade de todos os países e empresas estivesen dirixidas por mulleres e a metade dos fogares por homes» e que «non deberíamos darnos por satisfeitas mentres non acadásemos ese obxectivo». Como expoñente líder do feminismo corporativo, Sandberg xa acadara fama (e un bo fato de cartos) cun libro no que instaba as mulleres que ocupasen postos directivos a que se botasen cara adiante (*lean-in*) e se atravesen a posicionarse firmemente nos consellos de administración das súas empresas. Sandberg, que anteriormente fora directora de persoal do secretario estadounidense do Tesouro, Larry Summers (o home que liberalizou Wall Street), non tiña reparos en aconsellarlles ás mulleres que o camiño á igualdade de xénero pasaba por acadar o éxito no mundo empresarial aplicando unha actitude agresiva.

Esa mesma primavera, unha folga feminista militante paralizou o Estado español. Secundadas por máis de 5 millóns de mulleres, as organizadoras daquela folga feminista de vinte e catro horas esixían «unha sociedade libre de opresións, de explotación e de violencia machistas. Chamamos á rebeldía e á loita contra a alianza entre patriarcado e o capitalismo, que nos quere dóciles, submisas e caladas». Mentres o sol se puña aquel serán en diferentes puntos do Estado español, as folguistas anunciaban ao mundo «O 8 de marzo cruzámonos de brazos, interrompemos toda actividade produtiva e reprodutiva», e declaraban que non aceptarían nin condicións laborais peores nin salarios máis baixos ca os homes polo mesmo traballo.

Estas dúas voces representan camiños opostos no movemento feminista. Por unha banda, Sandberg e as da súa clase ven o feminismo como unha criada do capitalismo. Queren un mundo no que o tarefa de dirixir a explotación no lugar de traballo e a opresión no conxunto da sociedade

sexa compartido por igual polos homes e as mulleres das clases dirixentes. Esta é unha visión sorprendente do *dominio da igualdade de oportunidades*: esa que lle pide á xente normal, en nome do feminismo, que estea agradecida por que sexa unha muller, e non un home, quen rebenta o seu sindicato, quen lle ordena a un dron que mate a súa nai ou o seu pai, ou quen encerra a súa filla nunha gaiola na fronteira. En forte contraste co feminismo liberal de Sandberg, as organizadoras da folga feminista insisten en *acabar co capitalismo*: o sistema que xera a figura do xefe, que produce fronteiras nacionais e que fabrica drons para protexelas.

Fronte a estas dúas visións do feminismo, encontrámonos nunha encrucillada e a nosa elección ten consecuencias de grande alcance para a humanidade. Un dos camiños lévanos a un planeta arrasado no que a dignidade humana acada tal grao de degradación que chega a ser irrecoñecible (se é que realmente pode seguir existindo como tal vida humana). O outro apunta a ese tipo de mundo que sempre estivo no centro dos soños máis elevados da humanidade: un mundo xusto cuxas riquezas e recursos naturais son compartidos por todas as persoas, e onde a igualdade e a liberdade son premisas, non aspiracións.

O contraste non podía ser maior. O que fai que agora sintamos esta escolla como algo urxente é a falta de calquera vía intermedia viable. Debemos esta escaseza de alternativas ao neoliberalismo, esa forma de capitalismo financeirizado e excepcionalmente predador que domina o planeta desde hai corenta anos. Esta versión do capitalismo que envelenou a atmosfera, que frustrou calquera pretensión de orde democrática, que estirou as nosas capacidades sociais até o seu límite e que empeorou as condicións de vida en xeral para a gran maioría puxo en pé de guerra todos os movementos sociais, transformando os esforzos serios por acadar reformas modestas en auténticas batallas campais pola supervivencia. Ante tal situación, pasou o tempo de sermos ambiguas e as feministas debemos adoptar unha postura: seguirmos a perseguir o «dominio da igualdade de oportunidades» mentres o planeta arde ou reimaxinarmos a xustiza de xénero dunha forma anticapitalista, unha que nos leve máis aló da crise actual cara a unha nova sociedade.

Este manifesto é unha guía para seguir ese segundo camiño, unha senda que consideramos necesaria e viable. Hoxe en día é posible concibir un feminismo anticapitalista, grazas en parte a que a credibilidade

das elites políticas vai a pique en todo o mundo. Entre as baixas non só se inclúen os partidos de centrodereita e de centrosquerda que promoveron o neoliberalismo (e que agora son espantallos pobres do que unha vez foron), senón tamén as súas aliadas feministas corporativistas ao estilo de Sandberg cuxo verniz «progresista» perdeu todo o brillo. O feminismo liberal viviu unha derrota estrepitosa nas eleccións presidenciais dos Estados Unidos de 2016 nas que a candidatura de Hillary Clinton, publicitada a todo bombo, non foi quen de gañar o voto das mulleres. É isto ten un claro porqué: Clinton personificaba a desconexión cada vez maior entre a ascensión das mulleres da elite aos altos cargos e as melloras nas vidas da ampla maioría.

A derrota de Clinton é a nosa chamada de atención. Ao pór en evidencia a quebra do feminismo liberal, abriu unha vía para desafialo desde a esquerda. Temos a oportunidade de construír outro feminismo no baleiro que deixa a caída do liberalismo: un feminismo cunha definición diferente daquilo que se considera ou non unha cuestión feminista, cunha orientación de clases distinta, cun espírito e valores distintos, un feminismo que sexa radical e transformador.

Este manifesto é o noso esforzo por promover esoutro feminismo. Non escribimos para debuxar unha utopía imaxinaria, senón para marcar o camiño polo que se debe andar para chegar a unha sociedade xusta. O noso propósito é explicar por que as feministas deben escoller o camiño das folgas feministas, por que nos debemos unir a outros movementos anticapitalistas e antisistema, e por que o noso movemento se debe converter nun feminismo para o 99 %. Só deste xeito, asociándose co activismo antirracista, ecoloxista e a prol dos dereitos laborais e das persoas migrantes, o feminismo pode estar á altura do reto que afrontamos. Rexeitando de forma contundente o dogma do botarse cara adiante, o *lean-in*, e o feminismo do 1 %, o noso feminismo poderá converterse nun modelo de esperanza para a sociedade e todos os movementos sociais.

O que nos anima a embarcarnos neste proxecto agora é a nova vaga de activismo feminista militante. Este non é o feminismo corporativo que demostrou ser funesto para as traballadoras e que está a perder a súa credibilidade a marchas forzadas, nin é ese feminismo dos microcréditos que lles presta pequenas cantidades de diñeiro ás mulleres do Sur global

e di que así as «empodera». En realidade, o que nos dá esperanza é o feminismo internacional e as folgas de mulleres dos anos 2017 e 2018. Son estas folgas e os movementos que con cada vez maior coordinación se están a desenvolver derredor delas os que primeiro inspiraron (e agora encarnan) un feminismo para o 99 %.

Tese 1: Unha nova vaga feminista está reinventando a folga.

A mobilización recente a prol da folga feminista comezou en outubro de 2016 en Polonia, cando máis de 100 000 mulleres abandonaron o seu posto de traballo e saíron en manifestación para oporse á prohibición do aborto. Para finais de mes, un fervor de rexeitamento radical xa cruzara o océano até Arxentina, onde as folguistas se enfrontaban ao asasinato atroz de Lucía Pérez co berro «*Ni una menos*». Axiña se espallou a Italia, España, Brasil, Turquía, o Perú, os Estados Unidos, México, Chile e dúcias doutros países. Desde as súas orixes nas rúas, o movemento invadiu despois os lugares de traballo e os centros de ensino, chegando finalmente a engulir os mundos pretensiosos do espectáculo, os medios de comunicación e a política. Durante os dous últimos anos, os seus lemas ecoaron con forza por todo o mundo: #NosParamos, #WeStrike, #QueremonosVivas, #NinUnhaMenos, #TimesUp, #Feminism4the99, #XuntasSomosMais. O que comezou como un gurgullar para ser despois unha onda acabou convertendo nunha enxurrada: un novo movemento feminista internacional que pode chegar a gañar forza abonda para romper coas alianzas existentes e redeseñar o mapa político.

O que comezara como unha serie de accións de ámbito estatal converteuse nun movemento transnacional o 8 de marzo de 2017 cando as organizadoras de todo o mundo decidiron facer folga xuntas. Con este golpe, repolitizaron o Día Internacional das Mulleres. Botando para un lado os enfeites charramangueiros da despolitización (que en moitos países adoptan a forma de flores, tarxetas de felicitación e descontos en produtos para as mulleres), as folguistas reviviron as orixes históricas e totalmente esquecidas deste día, un día que ten as súas raíces na clase traballadora e no feminismo socialista. As súas accións

evocan o espírito da mobilización das mulleres de clase traballadora de comezos do século xx: de xeito paradigmático, as folgas e manifestacións masivas dirixidas fundamentalmente por mulleres inmigrantes e xudías dos Estados Unidos, que inspiraron as socialistas estadounidenses a organizar o primeiro Día Nacional da Muller e as socialistas alemás Luise Zietz e Clara Zetkin a convocar o Día Internacional da Muller Traballadora.

Reanimando aquel espírito activista, as folgas feministas de hoxe recuperan as nosas raíces nas loitas históricas polos dereitos laborais e a xustiza social. Unindo mulleres separadas por océanos, montañas e continentes, así como por fronteiras, aramados de espíño e muros, dan un novo significado ao lema «A solidariedade é a nosa arma». Rachando o illamento dos muros domésticos e simbólicos, as folgas demostran o enorme potencial político do poder das mulleres: *o poder daquelas cuxo traballo remunerado e non-remunerado sostén o mundo*.

Mais isto non é todo: este movemento puxante inventou *novas vías de facer folga* e infundiou no propio xeito de ir á folga unha *nova forma de facer política*. Combinando o paro con marchas, manifestacións, peches parciais de negocios, bloqueos e boicots, o movemento está repondo o repertorio de accións de protesta, un repertorio amplo no pasado pero dramaticamente reducido por décadas de ofensiva neoliberal. A un tempo, esta nova vaga está democratizando as folgas e ampliando o seu alcance, sobre todo alargando a propia idea do que se considera traballo. Ao rexeitar limitar esa categoría á do traballo remunerado, o activismo ligado ás folgas das mulleres tamén fai paros de traballo doméstico, sexo e sorrisos. Visibilizando *a función indispensable que ten o traballo sexualizado non-remunerado na sociedade capitalista*, dirixe a atención cara a actividades das que o capital se beneficia pero polas que non paga. Ademais, con respecto ao traballo remunerado, as folguistas tamén adoptan un concepto amplo do que se considera unha cuestión de traballo. Lonxe de centrarse unicamente en salarios e horas, tamén abordan o acoso e as agresións sexuais, as barreiras á xustiza reprodutiva e as pexas ao dereito á folga.

En consecuencia, a nova vaga feminista ten o potencial de superar a oposición divisoria e inflexible entre política da identidade e política de clases. Revela que lugar de traballo e vida privada constitúen unha

unidade e refusa así limitar as súas loitas a eses espazos. Ademais, redefinindo que se considera traballo e quen se considera persoa traballadora, rexeita a subestimación estrutural que o capitalismo fai do traballo das mulleres, sexa ou non remunerado. En definitiva, o feminismo folguista das mulleres anticipa a posibilidade dunha fase nova e sen precedentes da loita de clases: feminista, internacionalista, ecoloxista e antirracista.

Esta intervención vén no momento xusto. O activismo folguista feminista xorde nun momento de seria debilitación dos sindicatos, fortes no pasado e sempre centrados na produción. Para darlle un novo pulo á loita de clases, as activistas dirixiron a ollada a outro espazo: o asalto neoliberal á atención médica, á educación, aos sistemas de pensións e á vivenda. Ao abordar estoutra fronte do asalto que o capital leva perpetrando durante catro décadas contra as condicións de vida das clases medias e traballadoras, teñen a mira posta no traballo e nos servizos que se precisan para sostener os seres humanos e as comunidades sociais. É aquí, na esfera da reprodución social, onde agora atopamos a maioría das folgas e contraataques máis feroces. Desde a vaga de paros do ensino nos Estados Unidos até a loita contra a privatización da auga en Irlanda, pasando polas folgas na India das persoas de casta intocable (*dalits*) que traballan limpando os sumidoiros á man (todas elas dirixidas e impulsadas por mulleres), as traballadoras e os traballadores están a alzarse contra a ofensiva do capital á reprodución social. Malia non estaren formalmente afiliados ao movemento da Folga Internacional de Mulleres, estes paros teñen moito en común con el, pois tamén eles poñen en valor o traballo que se precisa para reproducir as nosas vidas, á vez que se opoñen á súa explotación; tamén eles combinan demandas salariais e laborais con demandas de aumento do gasto público en servizos sociais.

Ademais, en países como Arxentina, España e Italia, o feminismo folguista das mulleres atraeu un amplo apoio das forzas que se opoñen ás políticas de austeridade. Non só as mulleres e as persoas de xénero non-definido, senón tamén os homes se teñen unido ás manifestacións masivas do movemento contra os recortes en ensino, sanidade, vivenda, transporte e protección ambiental. Mediante a súa oposición ao ataque que o capital financeiro está a cometer contra estes bens públicos, as folgas feministas convértense así no catalizador e nun modelo para esas campañas aglutinadoras dirixidas á defensa das nosas comunidades.

Xuntas, estas reivindicacións equivalen á esixencia dunha reorganización masiva da relación entre produción e reprodución: a prol de acordos sociais que prioricen as vidas das persoas e as súas conexións sociais sobre a produción para a obtención de beneficios; a prol dun mundo no que as persoas de calquera xénero, nacionalidade, sexualidade e cor poidan combinar actividades sociorreprodutivas cun traballo seguro, ben remunerado e sen acoso.

A política do feminismo para o 99 %

A análise que precede alicerza o aspecto político fundamental do noso manifesto: o feminismo debe estar á altura da crise actual. Como dixemos, esta é unha crise que o capitalismo, no mellor dos casos, pode desprazar, pero non resolver. Unha resolución real require nada máis e nada menos que un xeito de organización social totalmente novo.

Certamente, o noso manifesto non prescribe os contornos precisos dunha alternativa, xa que esta debe xurdir no transcurso da loita para creala, mais si hai un par de cuestións que xa están claras. A diferenza do feminismo liberal, non podemos vencer o sexismo mediante o dominio da igualdade de oportunidades, nin, a diferenza do liberalismo común, mediante reformas legais. Do mesmo xeito, e con todo o respecto que merecen as concepcións tradicionais do socialismo, centrarse exclusivamente na explotación do traballo asalariado non vai emancipar as mulleres e, de feito, tampouco vai emancipar as persoas traballadoras, sexan do xénero que sexan. Cómpre tamén mirar para a instrumentalización que o capital fai do traballo reprodutivo non-remunerado, a cuxa explotación está en calquera caso ligado. De feito, o que se precisa é vencer ese nexo ríxido que o sistema establece entre produción e reprodución, o urdido que trama entre a produción de beneficios e a produción de persoas, así como a subordinación desta última á primeira. Isto significa acabar con ese sistema superior que é o que xera a súa simbiose.

O noso manifesto sinala que o feminismo liberal constitúe un obstáculo importante neste proxecto emancipador. Esta corrente acadou o seu predominio presente porque sobreviviu ou, mellor dito, reverteu o radicalismo feminista do período previo. Este último xurdiu nos anos

setenta na crista dunha potente vaga de movementos anticoloniais contra a guerra, o racismo e o capitalismo: participando do seu espírito revolucionario, cuestionaba toda a base estrutural da orde existente. Emporiso, cando o radicalismo daquela época decreceu, o que emerxeu como hexemónico foi un feminismo despojado de aspiracións utópicas e revolucionarias: un feminismo que reflectía e albergaba a cultura política liberal do *mainstream*.

Co feminismo liberal non está todo o conto contado, con certeza; seguiron existindo as correntes feministas antirracistas e anticapitalistas activistas. As feministas afrodescendentes déronnos análises perspicaces da intersección entre explotación de clases, racismo e opresión de xénero, e as teorías *queer* materialistas máis recentes revelaron vínculos importantes entre o capitalismo e a reificación opresiva das identidades sexuais. Os colectivos comprometidos seguiron día a día co seu duro traballo de base e o feminismo marxista está a vivir agora un rexurdimiento. Non obstante, o auxe do neoliberalismo transformou o contexto xeral no que as correntes radicais tiñan que traballar: debilitou todo movemento a prol da clase traballadora á vez que lle confería poder ás alternativas afíns ao mercado, entre elas, o feminismo liberal.

En cambio, hoxe en día a hexemonía do feminismo liberal comezou a esboroar e dos entullos emerxeu unha nova vaga de radicalismo feminista. Como expuxemos no noso manifesto, a innovación clave do movemento actual é a adopción e reinvencción da folga: as feministas adoptaron un xeito de loita que se identificaba co movemento obreiro e remodelárono. Facendo folga non só nos traballos remunerados, senón tamén no traballo non-remunerado da reprodución social, revelaron *o papel esencial que ten este último na sociedade capitalista*. Visibilizando o poder das mulleres, desafiaron o dereito dos sindicatos a reivindicar a folga como algo exclusivo deles. As folguistas feministas sinalan que non están dispostas a aceptar a orde existente e están así a redemocratizar a loita laboral, reiterando o que xa debería ser obvio: as folgas pertencen á clase traballadora *no seu conxunto*, non a un estrato específico nin a organizacións concretas.

Os efectos potenciais son de moi longo alcance. Como expuxemos no noso manifesto, as folgas feministas obrígnanos a repensar que é constitutivo da clase e que se considera loita de clases. Karl Marx teorizou

excelentemente sobre a clase traballadora como a «clase universal». O que quería dicir era que, loitando para vencer a explotación e a dominación á que estaba sometida, a clase traballadora tamén puña en cuestión un sistema social que oprime unha ampla maioría da poboación mundial e, daquela, promovía a causa da humanidade como tal. Porén, quen sucedeu a Marx non sempre entendeu que nin a clase traballadora nin a humanidade son unha entidade homoxénea e uniforme, e que non se pode acadar a universalidade ignorando as súas diferenzas internas. Aínda hoxe en día estamos a pagar por estas fallas políticas e intelectuais. Mentres as filas neoliberais celebran con cinismo a «diversidade» a fin de enfeitar as deprecacións do capital, existen demasiados sectores da esquerda que seguen a recorrer á antiga fórmula que sostén que o que nos une é un concepto de clase abstracto e uniforme, e que o feminismo e o antirracismo só han servir para dividirnos.

Así e todo, o que cada vez se fai máis manifesto é que a imaxe estándar do obreiro militante como home branco non concorda nin por nada cos tempos; de feito, para empezar, nunca foi acertada. Como expuxemos no noso manifesto, a actual clase traballadora internacional tamén inclúe miles de millóns de mulleres, migrantes e persoas negras. Non só loita no lugar de traballo, senón tamén na reprodución social, desde os motíns do pan que foron esenciais nas revolucións árabes, até os movementos contra a xentrificación que ocuparon a praza Taksim en Istambul e as pugnas contra a austeridade e en defensa da reprodución social que motivaron o movemento 15M.

O noso manifesto rexeita ambas as perspectivas: a desa esquerda que reduce todo a unha cuestión de clase e que concibe esta como unha abstracción homoxénea e baleira, e a do neoliberalismo progresista que celebra a diversidade no seu propio beneficio. No seu lugar, propuxemos un universalismo que adquire forma e contidos a partir da multiplicidade das loitas desde a base. De certo, as diferenzas, desigualdades e xerarquías que son inherentes ás relacións sociais capitalistas *si* dan lugar a conflitos de intereses entre oprimidas e explotadas. Por si soa, a proliferación de loitas fragmentarias non dará lugar ao tipo de alianzas robustas e de base ampla que se precisan para transformar a sociedade. Con todo, estas alianzas serán totalmente imposibles se non conseguimos tomar en serio as nosas diferenzas. No canto de propor borralas ou trivializalas, o

noso manifesto avoga por opornos a que o capitalismo as utilice como armas. O feminismo para o 99 % encarna esta visión do universalismo: sempre a crearse, sempre aberto á transformación e á contestación, e sempre a anovarse grazas á solidariedade.

O feminismo para o 99 % é un feminismo anticapitalista que non descansa, un feminismo ao que non lle valen as equivalencias sen igualdade, os dereitos legais sen xustiza, nin a democracia sen unha liberdade individual que realmente supoña a liberdade de todas as persoas.

FEMINISMO PARA O 99%

Escrito por tres das promotoras da folga feminista de 2017 nos Estados Unidos, este manifesto xorde no espírito da nova vaga de activismo feminista que está a reinventar a folga: facendo paros non só nos traballos remunerados, senón tamén no traballo non-remunerado da reprodución social, revela o papel esencial que este último ten na sociedade capitalista. Fronte ao feminismo liberal, instrumentalizado polo capitalismo e centrado en procurar o benestar dun 1 % mentres descarga no restante 99 % o traballo da reprodución social, o movemento do feminismo para o 99 % é antirracista, antiimperialista e ecoloxista, e chámamos a aproveitar a crise actual do capitalismo e a unir forzas con outros movementos radicais a fin de iniciar unha transformación social de calado.

En publicación simultánea en distintas linguas, incluída a orixinal en inglés, presentamos aquí a edición galega deste manifesto do Feminismo para o 99 %, acompañada ademais dun limiar da feminista e escritora María Reimóndez que nos axuda a situar as ideas deste movemento no contexto galego.



www.catroventos.gal



DEREITOS
HUMANOS

ISBN 978-84-9491545-1



9 788494 915451